



Deputación
DA CORUÑA



ROSALÍA

PROCLAMAR AO MUNDO QUE GALIZA EXISTE

Esta exposición conxuga tres aspectos determinantes para coñecer e valorar, da forma máis acaída, a figura e a obra de Rosalía de Castro:

- a) a súa biografía a través dunha narrativa cronolóxica**
- b) o contexto histórico e socio-cultural en que se desenvolve**
- c) a orientación, o sentido e a vixencia da súa obra literaria, tratando de suscitar o interese pola súa lectura, a partir de pequenos textos da autora que o provoquen**

Os textos informativos de cada panel van acompañados de ilustracións de distinto tipo vinculadas á súa biografía, ao seu contexto histórico ou aos temas por ela tratados, realistas ou imaxinativas, en consonancia coa información que se fornece.

Edita:
Via Galega e Galiza Cultura

Textos:
Francisco Rodríguez

Debuxos
Pepe Carreiro

Maquetación:
Bruno Lopes Teixeira

Fotos:
Anxo Louzao



Agradecemos á Fundación Rosalía de Castro e á Real Academia Galega o acceso ao seu material gráfico rosaliano e o seu uso para esta exposición.

Os textos en galego de Rosalía reproducense, conforme ás edicións recentes, 2022, da Fundación Rosalía de Castro.



Datos técnicos da exposición


Rosalía de Castro

A exposición Rosalía de Castro da Deputación da Coruña consta do seguinte material:

- 2 caixas con asas para transporte fabricadas en polipropileno celular de 5 mm (81,5 cm * 73 cm * 23,5 cm)



- 21 lenzos (portada e 20 lenzos numerados no revés do 1 ao 20) de 80 cm * 60 cm * 2 cm. 2 ocos para enganches na parte traseira cunha separación de 40 cm





NACER CUNHA “ROXA ESTRELA”

DE FAMILIA FIDALGA ARRUINADA E NAI AGARIMOSA



MONÓLITO NA PRAZA DE VIGO, COMPOSTELA

Rosalía naceu o 23 de febreiro de 1837, tendo a súa nai 33 anos, e o seu pai, 39, nunha casa, situada no Camiño Novo (daquela concello de Conxo). O predio da casa, derrubada en 1973, forma parte da hoxe Praza de Vigo, no concello de Santiago. Un monólito, lembrando a nacemento da escritora alí, foi colocado polo concello desta cidade en 1982.

A nai de Rosalía foi Teresa de la Cruz de Castro y Abadía (1804-1862), filla dun casal formado por María Josefa Abadía e Taboada e José de Castro e Salgado, señor do Pazo de Arretén (Padrón), coronel de milicias. O seu pai foi José Martínez Viojo (Ortoño, 1798-1871), capelán toda a súa vida da colexiata de Santa María de Iria, da que dependía a capela do Pazo de Arretén. Este foi herdado por José María de Castro y Abadía, o irmán máis vello da nai de Rosalía, que tiña en alta estima e consideración intelectual a súa sobriña. Era, pois, Rosalía filla de nai solteira; porén, coñecía o seu pai e a súa familia, mantendo, de nena, con esta unhas relacións afectuosas e frecuentes.

A nai de Rosalía recoñeceu axiña a súa filla. O médico, Varela de Montes, que a atendeu no parto, levou, en compañía da madriña e inseparábel criada, María Martínez, a naipela* á Igrexa do Hospital Real, para ser bautizada, sen que ingresase no hospicio.

PAZO DE ARRETÉN



TERESA DE LA CRUZ DE CASTRO Y ABADIA.
NAI DE ROSALÍA



*meniña de peito



UNHA FAMILIA MONOPARENTAL

MULLERES SOAS



Por tanto, Teresa, Rosalía, e a súa madriña, María Martínez, formaron unha triade familiar, tres mulleres soas, sen o convencionalismo do matrimonio. A nena e moza Rosalía foi obxecto de amparo e desvelo polas dúas mulleres adultas que, malia as estreiteces económicas, intentaron que tivese a mellor educación posíbel para a mociña (varios instrumentos musicais, francés, ampla cultura literaria, debuxo...).

**"PORQUE TODAVÍA NO LES ES PERMITIDO A LAS MUJERES
ESCRIBIR LO QUE SIENTEN Y LO QUE SABEN"**
(*Prólogo a La hija del mar, 1859*).

Rosalía fai unha desmitificación temperá do heroe romántico canto á visión idealista da muller, para subliñar a metalización dos sentimentos que sustenta o matrimonio burgués:

**"ELLA ES VIEJA Y HORRIBLE, PERO TIENE OCHO MILLONES
DE CAPITAL Y ÉL NO HA VACILADO EN VENDER POR ELLA
SU LIBERTAD"**
(*Flavio, 1861*).

RÚA JUAN RODRÍGUEZ N.º 4, PADRÓN



OBSÉRVESE QUE, POLA SINATURA R. DE CASTRO,
NON SABEMOS SE SE TRATA DUN HOME OU
DUNHA MULLER.

A nena Rosalía viviu en osmose coa vida e o ambiente labrego e mariñeiro: no Pazo de Arretén, onde pasaba temporadas; en Ortoño, familia paterna; na vila de Padrón, onde tivo morada na rúa Juan Rodríguez de Padrón, n.º 4, desde 1842. O trío mudouse a Compostela, onde moran xa en 1847, co empeño de facilitar unha educación máis esmerada para Rosalía, que comezaba a ser adolescente.



UNHA MOCIÑA CON CARÁCTER

AS AMIZADES ELECTIVAS

Sabemos que, entre 1850 e 1854, Rosalía viviu, coa súa nai e a madriña, María Martínez, na rúa Bautizados número 6 (actual nº 10), en Santiago.

En setembro de 1853, Eduarda Pondal, irmá do poeta, convida Rosalía, que xa é unha moza feita e dereita, 16 anos, á romaría da Barca en Muxía. Ambas contraen o tifo, morrendo Eduarda, coa que mantiña unha amizade profunda.

O padrón de 1855 informa de Teresa de Castro ter uns cuartos alugados no ex-convento de San Agostiño. O claustro deste mosteiro, propiedade municipal, usábase como espazo de representacións teatrais, sesións circenses e espectáculos varios. Rosalía participou, como actriz, en moitas desas veladas artísticas.

Entre 1855 e 1856, Rosalía debeu de alternar vida entre Santiago e Padrón. A principios de abril de 1856 marchou para Madrid. Foi pouco despois do Banquete de Conxo (2 de marzo de 1856), convivio de estudantes e artesáns, e a enxurrada represiva subsequente contra mozos amigos de Rosalía (Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal e Luis Rodríguez Seoane...), autores dos brindes tachados de subversivos.



ROSALÍA, RETRATO POR MARÍA GARDARELLY



CLAUSTRO DE SAN AGOSTIÑO, COMPOSTELA





BUSCANDO VIVIR DO TRABALLO ARTISTICO

BOHEMIA NA “VILLA Y CORTE”

Sen dote económico, intentou Rosalía unha saída, no campo da arte e da literatura, na Corte. Deambulou por distintos enderezos de Madrid, sendo amparada finalmente na casa da súa parente María Lugín e Castro.

Manuel Murguía, outro bohemio, prestoulle apoio intelectual e emocional. Axudou á súa entrada na mundo editorial e fixo unha recensión do seu libro iniciático, *La flor* (1857). Casaron o 10 de outubro de 1858, antes de voltaren para Galiza (decembro 1858).



Para Rosalía a metade do xénero humano estaba á espera de redención. Defendía que a muller tiña capacidade intelectual plena e aspiraba á independencia sendo escritora:

“...NO ACATO LOS MANDATOS DE MIS IGUALES Y CREO QUE SU HECHURA ES IGUAL A MI HECHURA, Y QUE SU CARNE ES IGUAL A MI CARNE (...) YO SOY LIBRE. NADA PUEDE CONTENER LA MARCHA DE MIS PENSAMIENTOS, Y ELLOS SON LA LEY QUE RIGE MIS DESTINOS”

(“Lieders”, *Album del Miño*, 1858).

“¡ES ELLA! ¡UNA MUJER! FUENTE DE VIDA, / DIOSA INMORTAL DE PENSAMIENTO ALTIVO (...) / (...) ES FRUTO DE VERDAD, FUENTE QUERIDA / DE QUIEN MI LIBRE INSPIRACIÓN RECIBO (...) / OH CUÁN AMADA POR TUS PENAS ERES / MUJER EN QUIEN ESPERAN LAS MUJERES!”

(“Eva”, *Almanaque de El Museo Universal*, para 1861).

MANUEL MURGUÍA





CONSTRUÍR UNHA LITERATURA NACIONAL EN LINGUA GALEGA

CONTANDO CUNHA REDE SOCIAL DE APOIO

Entre setembro-outubro de 1860 e decembro de 1861 Rosalía volve vivir en Madrid, a onde tiña marchado Murguía meses antes, por atopar traballo como xornalista. En agosto de 1861 viaxaron por Alacant, Murcia, Extremadura e La Mancha. Rosalía, arelando volver a Galiza e apostar pola construción dunha literatura nacional na nosa lingua, publica nese 1861 en *El Museo Universal*, revista madrileña, "Adiós, que eu voume"* , onde denuncia as causas da emigración.


A finais de 1861, estando xa de novo en Compostela, comezará a elaborar *Cantares Gallegos*, editado en 1863 por Juan Compañel (Vigo). O libro tiña un claro compromiso patriótico con Galiza, cunha ideoloxía e moral antitéticas ás dos *Cantares* españois de Antonio de Trueba:

"O MÁIS TRISTE NESTA CUESTIÓN É A FALSEDADE CON QUE FÓRA DE AQUÍ PINTAN ASÍ ÓS FILLOS DE GALICIA COMO A GALICIA MESMA, A QUEN XENERALMENTE XUZGAN O MÁIS DESPRECIABLE E FEIO DE ESPAÑA, CANDO ACASO SEA O MÁIS HERMOSO E DINO DE ALABANZA" (Prólogo).

Perseguíu "**gañar respecto e admiración para Galiza**" (*ibidem*)

O programa rosaliano contemplaba o uso da lingua galega en todos os xéneros literarios. Após usalo no ensaio e na poesía, usouno na prosa narrativa ("*Contos da miña terra*", 1864).

*Por xiadas, por calores/
desde que amanece o día/ dou á terra os meus sudores,/ mais canto esa terra cría,/ todo...todo é dos señores"



ROSALÍA DE CASTRO





PATRIOTISMO & FEMINISMO

Cantares Gallegos foi vendido a través dunha rede social de amizades que buscaron subscritores na Galiza, no resto do Estado e na emigración americana. O verdadeiro espírito do noso pobo foi reflectido a través do protagonismo das mulleres e da lingua propia, expulsa da literatura culta: **"Que cante e que cante/ na lingua que eu falo"**

Rosalía intégrase tamén no escenario, formando parte do cadro que vai pintando:

"SOL DE ITALIA, SOL DE AMORE...!
TI PAISAX MELLOR ALUMAS?
TI MÁIS ROSAS, MÁIS VERDORE,
MELLOR CEU, MÁIS SOAVE CORE
VES DO GOLFO ANTRE AS ESPUMAS?"

Os ecos da escravitude (plena guerra de secesión nos USA) resoan na emigración a Castela:

"VAN PROBES E TORNAN PROBES,
VAN SANS E TORNAN ENFERMOS,
QUE ANQUE ELES SON COMO ROSAS,
TRATÁDELOS COMO NEGROS"



ESCRAVOS Á VENDA, EYRE CROWE (1824-1910)

RÍO ULLA NAS PROXIMIDADES DE PADRÓN



"E TAMÉN VEXO ENLOITADA
DE ARRETÉN A CASA NOBRE,
DONDE A MIÑA NAI FOI NADA,
CAL VIUDIÑA ABANDONADA
QUE CAI TRISTE AO PÉ DUN ROBRE"

SEGADORES GALEGOS E GALEGAS NA SEITURA EN
CASTELA





Deputación
DA CORUÑA



REIVINDICACIÓN DUN FUTURO LUMINOSO PARA GALIZA

AMENGER NA COSTA ATLÁNTICA
(FOTO GABRIEL GONZÁLEZ)




Cantares gallegos, esperanza da alba para Galiza, co despertar da mocidade feminina, en especial:

“ARRIBA
TODAS, RAPACIÑAS DO LUGAR!,
QUE O SOL
I A AURORA XA VOS VÉN A DISPERTAR.
ARRIBA!
ARRIBA, TOLEIRONA MOCIDAD!,
QUE ATRU-
XAREMOS-CANTAREMOS O ALA...LÁ!!! ”

A reacción rosaliana ante o maltrato de Galiza é contundente:

“PROBE GALICIA, NON DEBES
CHAMARTE NUNCA ESPAÑOLA,
QUE ESPAÑA DE TI SE OLVIDA
CANDO ERES, AII, TAN HERMOSA ”

A meniña gaiteira é unha das protagonistas do libro. Sabe que está afogada de amor á patria, o motor principal que move os poemas: “**Non me espriquei cal quixera/ pois son de espricansa pouca;/ si grasia en cantar non teño/ o amor da patria me afoga**”. Moitos poemas son sensíbeis á fermosura feminina. Contemplando a imaxe de Santa Margarida, aboia o amor homoerótico nunha rapaciña devota: “**De ti vivo namorada,/ en ti penso con fervore,/ que eu ben sei que te contenta/ este puro e santo amore**”



← 2ª EDICIÓN DE CANTARES GALLEGOS

Publica en 1872 unha segunda edición de *Cantares Gallegos*, con catro novos poemas. É o seu único libro que o logra en vida da autora.





Deputación
DA CORUÑA



UNHA MULLER FILÓSOFA

E UNHA NOVELISTA ORIXINAL

Rosalía intentou poder vivir das novelas, ben publicadas por entregas na prensa madrileña, ben a través dos subscritores que a súa rede social de amizades podía lograr. Son novelas filosóficas e, desde logo, moi orixinais, inusitadas na literatura en español de entón.



AS TRES RUÍNAS

Ruínas (1866), apareceu por entregas en *El Museo Universal*: unha tríade simbólica (tres amigos, Isabel, muller independente e estrafalaria; Braulio, comerciante pródigo, e Montenegro, fidalgo mozo pobre, namorado dunha burguesiña), no espazo dunha vila mercantil, sérvelle para pasar revista á dinámica social burguesa e os seus valores. Unha parábola que conduce á condena do capitalismo (desde o socialismo utópico): [Braulio] **Hizo hasta el final de sus días, que fueron largos, una guerra declarada a los tacaños y a los avaros, y antes de morir dejó escrito su epitafio, que decía así: Maldigo a los ladrones del pobre que llegan a profanar mi tumba**".

CABECEIRO DE EL MUSEO UNIVERSAL



RÚA DO VILAR, COMPOSTELA



Vivindo Rosalía, na Rúa do Vilar, 41, 1º, en Compostela, coa súa nena, a criada e a súa nai Teresa, morreu esta, causándolle grande dor.



Deputación
DA CORUÑA



XORNALISMO E INTERVENCIÓN SOCIAL


A través dos *Almanaques* de Soto Freire (Lugo), intentou Rosalía, entre 1864 e 1867, incidir na crítica social. Ante o anuncio da publicación de "El codio" (1864), douscentos seminaristas de Lugo, entendendo que se trataba dunha sátira contra eles, en tumulto ameazaron o editor con romper os cristais da súa casa se non o eliminaba; finalmente, esperaron a prohibición do bispo e, de non habela, vingárianse: non se publicou.

Denunciou os efectos perturbadores da imitación e submisión lingüística en "El cadiceño" (1866): **"A ir yo a esas tierras, no hubiera vuelto a la mía, que siquiera por solo oír hablar a todo el mundo castellano y andaluz, estaría uno a media ración (...) inspirando a los que le oyen el desprecio a su país y contando maravillas de lo que él ha recorrido"**.

En "Las literatas. Carta a Eduarda" (1866) trata as dificultades para unha muller ser recoñecida como escritora profesional: **"... los hombres miran a las literatas peor que mirarían al diablo, y este es un nuevo escollo que debes tener, tú, que no tienes dote. Únicamente alguno de verdadero talento pudiera, estimándote en lo que vales, despreciar necias y aún erradas preocupaciones; pero... ¡ay de ti, entonces!, ya nada de cuanto escribes es tuyo, se acabó tu numen, tu marido es el que escribe y tú la que firmas"**.

PRAZA DA UNIVERSIDADE, 4, 2º,
MORADA ENTRE 1863 E INICIOS DE 1866

ALMANAQUE DE SOTO FREIRE, ONDE SAÍRON
PUBLICADOS LAS LITERATAS E EL CADICEÑO,
DE 1865 PARA 1866





A CRISE DO MODELO, PATRIARCAL BURGUESES

E A NECESIDADE DUNHA MUDANZA SOCIAL

El caballero de las botas azules (1867), editada por Soto Freire, en Lugo, é símbolo e alegoría, á vez que observación realista da sociedade burguesa da Corte madrileña. Rosalía albergaba moitas esperanzas con esta novela. Recorre a figuras algo andróxinas para simbolizar a sexualidade heterodoxa. Escarva no problema da muller burguesa e ociosa e critica a visión eurocéntrica do mundo. Intúe a necesidade dunha revolución inminente. No "Diálogo de un hombre y una musa", que inicia a novela, lemos:



"Hombre.-
(Contemplándola lleno
de asombro) ¡Ah!
¿Conque mi musa era
un mari-macho, un ser
anfibio de esos que
debieran quedar para
siempre en el
vacío?...¡Que
abominación!
Musa.- Todo lo que ha
sido hecho es bueno,
hombre eminente"

No cap. XIV asistimos ao seguinte diálogo entre unha muller burguesa e o paxe do Duque de la Gloria:

"...dime, moro: ¿los esclavos en tu patria son todos tan galantes como tú?

-Todos, tratándose de una reina tan hermosa como vos.

-¿Y se atreven a llamaros salvajes! Pero dime: ¿dejarías el servicio del duque por el mío?

-Preguntadle a una madre si consentiría en abandonar a un hijo para seguir a otro.

-Moro, o eres artificioso en demasía, o amas mucho a tu dueño.

-Lo amo, como a serme permitido os hubiera amado a vos..."



A MUSA



O MOURO E A CONDESA



A REVOLUCIÓN DE SETEMBRO DE 1868

MELLOR VIDA,
PROXECTO CULTURAL QUEBRADO

O novo goberno revolucionario concedeulle a Murguía unha praza de funcionario de Arquivos en Simancas.


Desde novembro de 1869 Rosalía e a filla Alejandra están en Simancas, acompañando Murguía, con estancias esporádicas da familia en Madrid. Rosalía e as dúas nenas, Alejandra e Aura, nada após a revolución de setembro de 1868, permanecerán na capital até finais de febreiro de 1871, mentres Murguía, trasladado por mor dun conflito laboral ao Arquivo Xeral de Galiza, na Coruña, tomará posesión desta praza o 7 de decembro de 1870. Rosalía e as nenas instalaranse máis tarde, na Coruña, a comezos de marzo de 1871: Rúa do Príncipe, n.º3, 2º.

PAZO DE LESTROVE



Boa parte dos poemas de *Follas Novas* elaborounos entre 1869 e 1871, no para ela desterro de Galiza en Simancas e Madrid, sen lograr publicar o libro, malia anunciálo, en 1872.

ARQUIVO HISTÓRICO XERAL DE SIMANCAS



Estando no Pazo de Lestrobe, dos curmáns Hermida, após tomar as augas no balneario de Caldas, como era habitual nela, nacen o 2 de xullo de 1871 os xermelos Gala e Ovidio. Rosalía pasou do control da natalidade durante dez anos (1859-1868), mentres loitaba por abrirse paso como escritora profesional, a sentir ansiedade maternal.

En xullo de 1873 daba a luz de novo, na casa da Coruña, unha nena, bautizada como Amara.

CASA DA RÚA DO PRÍNCIPE





A RESTAURACIÓN BORBÓNICA

REGRESO A COMPOSTELA (1875-1880) E CONSUMACIÓN DA DESESPERANZA

Murguía é destituído (20, febreiro, 1875) como director do Arquivo Xeral de Galiza, após o golpe de Estado e a restauración monárquica borbónica.

A familia trasládase a Compostela (Rúa da Senra, nº 17, principal), onde nace Adriano o 20 de marzo de 1875, que morre, nun accidente doméstico, o 4 de novembro de 1876. O 14 de febreiro de 1877, na mesma casa, nace morta Valentina. Nos anos 1878 e 1879, viven Rosalía e a súa prole en tres casas diferentes, como sempre en aluguer, premidos pola penuria económica.



ROSALÍA POLAS RÚAS DE COMPOSTELA
NUNHA TARDE DE ABRIL



CASA DA RÚA ALTAMIRA,
Nº2, COMPOSTELA.
UNHA DAS MORADAS
ROSALIANAS POR ESTES
ANOS



Follas Novas (1880) logra ver a luz dez anos mais tarde de estar composta, grazas a Alejandro Chao e a súa casa editorial La Propaganda Literaria, amigo do matrimonio, emigrado en Cuba, cun prólogo de Castelar, salvoconduto fronte á censura. A dedicatoria do libro, asinada o 23 de febreiro, día do seu aniversario, á *Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia na Habana* asume que é "obra de patriotismo, esaltado fruto de amor ó noso país...vai escrito na nosa léngua".

As "Dúas palabras da autora", especie de prólogo, datado en marzo de 1880, nova contribución ensaística, revela "cansados ollos e fatigado espírito". Asume que xa non responde aos tempos "de esperanza e xuventude".




FOLLAS NOVAS: DO ÍNTIMO AO COLECTIVO

Quíttalle Rosalía, non sen ironía, importancia, á transcendencia do libro, argumentando que a muller é "arpa de soio dúas cordas, a imaxinación i o sentimento" e que "n' é feito para nós o duro traballo da meditación". Así intentaba "que o deixen pasar como un rumor máis".

Follas Novas é unha biblia que nos revela o mundo e os seus problemas, unha imaxe global da humanidade desde Galiza como contexto e perspectiva. Rosalía foi considerada en vida unha poeta filósofa.

Contra a imaxe estereotipada da muller:

"DAQUELAS QUE CANTAN AS POMBAS I AS FRORES
TODOS DIN QUE TEÑEN ALMA DE MULLER.
POIS EU QUE N'AS CANTO, VIRXE DA PALOMA,
AII, DE QUE A TEREI?"
(I Vaguedás, I)



LADRABAN CONTRA MIN, QUE CAMIÑABA

PÓRTICO DA GLÓRIA, PROFETAS DO ANTIGO TESTAMENTO



"ESTARÁN VIVOS? SERÁN DE PEDRA
AQUÉS SEMBRANTES TAN VERDADEIROS,
AQUELAS TÚNICAS MARAVILLOSAS,
AQUELES OLLOS DE VIDA CHEOS?"
(II, Do Íntimo!, "Na catredal")

A sensación de estrañamento e burla:

"I A XENTE QUE TOPABA
OLLÁNDOME Á MANTENTA
DO MEU DOR SIN IGUAL I A MIÑA AFRENTA
TRAI DORA SE MOFABA.
I ISO QUE NADA MÁIS QUE A ADIVIÑABA".
(II, Do Íntimo!, "Ladraban contra min
que camiñaba...")

O mundo íntimo de Rosalía e a súa
relación coa relixión:

"ÓS PÉS DA VIRXE DA SOLEDADE,
DE MOITOS ANOS NOS CONOCEMOS...!,
A ORACIÓN DIXEN QUE ANTES DICÍA,
FIXEN MAMORIA DOS MEUS SECRETO,
PARA MI MADRE DEIXEI CARIÑOS,
PARA OS MEUS FILLOS MILES DE BEIXOS
POLOS VERDUGOS DO MEU ESPRITO
RECEI...E FUNME POIS TIÑA MEDO"
(II, Do Íntimo!, "Na catredal")



DESACOUGADA E SEN REDENCIÓN

Expressa o que se sente e pensa intimamente, e non se pode expresar publicamente:

“POR QUE, EN FIN, DIOS MEU,
A UN TEMPO ME FALTAN
A TERRA E O CEU?”

(II, *Do Íntimo!*, “Por que, miña almiña,...”)

■ Conflito social, a xustiza dos homes e o silencio de Deus:


“--SÁLVADEME, OU XUECES!, BERREI...TOLERÍA!
DE MIN SE MOFARON, VENDEUME A XUSTICIA.
--BON DIOS, AXUDAIME, BERREI, BERREI INDA...
TAN ALTO QUE ESTABA, BON DIOS NON ME OIRA”
(II, *Do Íntimo!*, “A Xusticia pola man”)

■ A comprensión cos suicidas fronte á súa exclusión como pecadores:

“ERAN CRARO-LOS DÍAS,
RISOÑA-LAS MAÑÁNS,
I ERA A TRISTEZA SÚA
NEGRA COMA O ORFANDÁ.
ÍNASE Á MAÑESCIDA,
TORNABA COA SERÁN...
MAIS QUE FORA OU VIÑERA
NINGUÉN LLO IÑA ESCULCAR.
TOMOU UN DÍA LEVE
CAMIÑO DO AREAL..
COMO NAIDE A ESPERABA,
ELA NON TORNOU MÁIS.
Ó CABO DOS TRES DÍAS
BOTOUNA FÓRA O MAR
I ALÍ ONDE O CORVO POUSA
SOIA ENTERRADA ESTÁ”
(II, *Do Íntimo!*, “Soia!”)

ISOIAI

MARÍA BARCALA COMO ROSALÍA
NO ESPECTÁCULO LIBRE COMO
OS PAXAROS. (FOTO TINO VIZ)





UN MUNDO CONVULSO E CONFLITIVO

A parte III de **Follas Novas**, Varia, ofrece o que se pode comprobar, constatar, de forma externa, como conduta e debate sociais:

■ Os medos á represión social:

"-TODO ESTÁ NEGRO, AS SOMBRAS ENVOLVEN A VEREDA
E NIN O CEO TEN OLLOS, NIN O PINAR TEN LENGUA.
VAMOS! DO QUE HAI OCULTO, QUEN MIDEU AS FONDURAS?
ALMA N' HABERÁ QUE SEPA...! VEN...!, A NOITE ESTÁ ESCURA"
(III, "Nin ás escuras...")


■ Pensar leva a pecar, se nos atemos á moral católica:

"DOU ESCOMENZO PENSANDO,
DEPOIS, GUSTOULLE PENSAR,
E DESTE GUSTO Ó DESEIO
A TODA PRESA SE VAI.
E DECOTE DESCENDENDO,
DESCENDENDO SIN PARAR,
DESDE O DESEIO Ó PECADO
A TODA PRESA SE VAI"
(III, "Pelouro que roda")

■ A ironía crítica coa concepción do matrimonio como sacramento:

"DECIDES QUE O MATRIMONIO
É SANTO E BUENO; SERAIO
MAIS NON CASOU SAN ANTONIO
POR MÁIS QUE O MESMO DEMONIO
TENTOUNO A FACE-LO ENSAIO"
(III, "Decides que o matrimonio...")

As dificultades para a publicación de **Follas Novas** tiveron a ver co feito de no uso dos idiomas non oficiais na escrita literaria advertir o perigo do separatismo/federalismo. **Follas Novas** provocou unha reacción de estranxeza. Estaba moi por enriba da obra dos poetas españois do seu tempo: Campoamor, Núñez de Arce, Zorrilla, ou Bécquer.



IVENI... A NOITE ESTÁ ESCURA



DA TERRA


A parte IV de **Follas Novas**, Da Terra, ten un contexto ambiental galego e serve de precedente do seguinte libro, "As viudas dos vivos e as viudas dos mortos", tamén de contexto galego e marcado protagonismo feminino. Ambos subliñan a identificación rosaliana cos "aldeáns e mariñeiros, soia e verdadeira xente de traballo no noso país", e tamén a súa especial atención "**ás innumerables coitas das nosas mulleres**".

■ A miseria na nenez:

"POLAS SILVEIRAS ERRANTE
VEXO UNHA MENIÑA ORFA
QUE TRISTE VAI MARMURANDO:
- ÑA VIRXE, QUEN ROSA FORA!
- PORQUE QUÉS SER ROSA, NENA?,
LLE PREGUNTEI CARIÑOSA.
I ELA CONTESTA SORRINDO:
PORQUE NON TÉN FAME AS ROSAS"
(IV, "En Cornes, I")

■ Un feminismo asentado na clase social e na condición nacional:

"(...) XAN, EN FIN, É UN XAN COMPRETO,
DESO QUE A CADA MULLER
LLE CONVIÑA UN POLO MENOS.
PERO CANDO UN BUSCA UN XAN,
CASI SEMPRE ATOPA UN PEDRO"
(IV, "Xan")



A MENIÑA DE CORNES

Tiña claro Rosalía que "**as multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles**". Coa súa escrita en galego chamara a construír unha literatura nacional en lingua galega: "**N´era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado**".



DOLOROSA EPOPEA

O DEREITO A VIVIR NO PAÍS

A parte V de **Follas Novas** é, segundo ela, unha "sencilla e dolorosa epopeia", co protagonismo da emigración, vista en especial desde a perspectiva da muller labrega, tamén emigrante.

■ A emigración a Cuba por causa de embargos:

"VENDÉRONLLE OS BOIS,
VENDÉRONLLE AS VACAS, O POTE DO CALDO
I A MANTA DA CAMA"
(V, "Pra A Habana, I")

"ESTE VAISE I AQUEL VAISE
E TODO, TODOS SE VAN,
GALICIA SIN HOMES QUEDAS
QUE TE POIDAN TRABALLAR"
(V, "Pra A Habana, V")

■ As malas colleitas como unha das causas da fame e logo da emigración:

"FOI A PÁSCOA ENXOITA,
CHOVEU EN SAN XOÁN
A GALICIA A FAME
LOGO CHEGARÁ.
CON MALENCONÍA,
MIRAN PARA O MAR
OS QUE NOUTRAS TERRAS
TÉN QUE BUSCAR PAN"
(V, "Foi a Páscoa enxoita...")

ROSALÍA. RETRATO DE LUIS SELLIER



CHEGADA DE EMIGRANTES AO PORTO DE BOS AIRES.
FOTOGRAFÍA DE SOCIEDAD FOTOGRÁFICA
ARGENTINA DE AFICIONADOS



■ A opresión das contribucións e das rendas:

"-ESCOITA! OS ALGOASILES
ANDAN CORRENDO A ALDEA.
MAIS, COMO PAGAR, COMO, SE UN NON PODE
INDA PÁGA-LA RENDA?"
(V, "Por que?")

■ Os que volven e os que quedan:

"EU VOLVO PARA A TERRA,
Á TÚA MULLER ANTONA, QUE LLE DIGO?"
(V, "Que lle digo?")

■ O duplo desterro da muller:

"AMBOS ERRANTES POLO MUNDO ANDAMOS
I AS NOSAS FORZAS ACABANDO VAN.
MAIS, AII, TI NELA ATOPARÁS DESCANSO
I EU TAN SOIO NA MORTE O HEI DE ATOPAR"
(V, "Tan soio, V")



A REFLEXIÓN SOBRE O PASADO

RECUPERANDO A ESCRITA DE INTERVENCIÓN PÚBLICA

En parte de 1880, 1881 e inicios de 1882, Rosalía, as fillas e o seu fillo son acollidos na Torre de Hermida, pazo de Lestrobe, casa dos seus curmáns.

Defendeu a instauración dun manicomio en Conxo e reflexionou sobre a súa xeración en *El primer loco*, Madrid, 1881: **"Como se ve, no pudo aquel joven visionario, tan lleno de pasión como de sentimiento, dar principio siquiera a la soñada regeneración de su país, ni menos ser uno de sus apóstoles y mártires, cuando esto último le hubiera sido cosa harto hacedera"** (final do capítulo IV)

CLAUSTRO MOSTEIRO DE CONXO



COSTA DA MORTE

BOSQUE ONDE TIVO LUGAR
O BANQUETE DE CONXO



Seguiu defendendo Galiza fronte aos tópicos que a denigraban: "Pero, ¡ay!, que bajo esos cielos y en esas villas, para mi extranjeras, fue donde aprendí a conocer la hermosura de mi país y a amar con amor interminable esta dichosa patria mía (...) viendo otros países aprendimos a valorar el nuestro" (*"Costumbres Gallegas"*, *Los Lunes del Imparcial*, Madrid, 28 do 3, e 4 do 4, 1881). Ataques de *El Anunciador* (A Coruña) e *La Concordia* (Vigo) por considerar inmoral e escandaloso, para alén de mala imaxe para Galiza, que descubriuse casos de hospitalidade sexual na Costa da Morte. Reacción rosaliana: **"¿Qué algarada ha sido esa que contra mí han levantado cuando es notorio el amor que a mi tierra profesó?."**



RETIRO EN PADRÓN: POBRE, CANSADA E ENFERMA

Retirada nunha casa alugada, en Padrón, desde outubro de 1882 até xullo de 1885, Rosalía viviu, en compañía das catro fillas e un fillo, como éxida da familia, con moita escaseza económica, coa axuda da emigración cubana e arxentina, en especial. Enviaba moitos dos seus poemas ao xornal *La Nación española*, de Buenos Aires, ou a publicacións de La Habana, a cambio do que recibía, como compensación, algún diñeiro. Non faltaron actos organizados con esta finalidade caritativa para paliar a situación familiar de pobreza extrema.

CASA DA MATANZA



ROSALÍA E FAMILIA. RETRATO DE JUAN PALMEIRO E FILIOS. CASA DA MATANZA (PADRÓN), 1884

Rosalía, reunindo poemas, escritos entre 1869 e 1883, algúns editados antes en revistas e xornais madrileños, galegos ou da emigración ultramarina, enfiados de forma sintomática, estruturou un libro que constitúe unha biografía profunda: *En las orillas del Sar* (1884). Murguía logrou que o Ministerio de Fomento comprase exemplares, e así conseguir algúns ingresos con que paliar unha pobreza que estaba acompañada de enfermidade. Malia se sentir derrotada no seu retiro da Matanza, tiña azos para que o desalento non impedise a protesta nos seus labios ante sucesos que a entristecían e desacougaban: a emigración masiva, a destrución ecolóxica do país, a súa subordinación a intereses alleos.





O SILENCIO, IRMÁN DA MORTE

PROCLAMAR AO MUNDO QUE GALIZA EXISTE

"Bien sabe Dios que siempre me arrancan tristes lágrimas/ aquellos que nos dejan:/ pero aún más me lastiman y me llenan de luto/ los que a volver se niegan" ("¡Volved!"). Os emigrantes son pobres desherdados para quen non hai sitio na frustrada patria.

Ante a tala do bosque de Conxo, auspiciada polo cardeal Payá y Rico, para ela unha auténtica profanación, elaborou un poema impresionante, publicado primeiro en Buenos Aires, e logo enfiado dentro de *En las orillas del Sar*.

Entristéce a indolencia, a pasividade, o silencio da sociedade galega, sometida a que allea vontade exerza o seu imperio no que é noso.

Para os acomodaticios, ela resulta importuna, molesta, porén afirmase na súa vontade de que a indiferenza non apague a protesta nos seus labios; **"que es el silencio hermano de la muerte,/ y yo no quiero que mi patria muera"**...("¡Jamás lo olvidaré!...De asombro llena..."). Esta é a Rosalía que, malia sentirse derrotada, mantén o seu aceirado espírito galego.

Sentindo próxima a morte, Rosalía foi pasar uns días, a comezos de xullo de 1885, a Carril para ver por última vez o mar. Após voltar a Padrón, morreu o día 15 dese mes na casa da Matanza, acompañada só das fillas e o fillo, e algunha amiga, sendo soterrada nunha humilde tumba na terra do cemiterio de Adina. Nunca deixara de sentir **o lume que ilumina e crea, as secretas arelas, os amores sen nome e o afán por, con voz alta, proclamar ao mundo que Galiza existe**.



CURROS ENRÍQUEZ PERANTE A TUMBA DE ROSALÍA DE CASTRO EN SAN DOMINGOS DE BONAVAL.

O 25 de maio de 1891 trasladáronse os restos mortais de Rosalía de Adina a San Domingos de Bonaval (Santiago), igrexa exclausturada, grazas ao apoio da emigración e por iniciativa da Asociación Rexionalista Galega. O paso do cortexo fúnebre polas rúas converteuse nunha manifestación de homenaxe popular. O arcebispo prohibiu que se pronunciase unha oración fúnebre, por considerala herética en materia relixiosa.

SANTA ESCOLÁSTICA, GRUPO ESCULTÓRICO DE X. FERREIRO. INSPIROU O POEMA DE ROSALÍA DE CASTRO CON O MESMO TÍTULO.

